

Vigo, 1 de Novembro de 2011

Estimados e queridos socios/as da AGAMFEC:

Quizais é coincidencia que no día de tódolos santos me dirixa a vos para comunicarvos a miña decisión de deixar a Presidencia da nosa sociedade.

Despois de 5 anos na xunta directiva, e tres anos e medio, dende Maio de 2008, coma Presidente da AGAMFEC, creo que chegou a hora de deixar paso a outros socios que neste momento dispoñen de máis tempo e de máis ganas para afrontar o futuro da nosa sociedade.

Nestes anos compartín a miña labor na AGAMFEC cos episodios máis importantes da miña vida (sen esquecer o meu nacemento): a miña voda, o nacemento dos meus dous fillos, a miña peregrinaxe polos hospitais na loita contra o cancro,...e por iso serán uns anos que nunca esquecerei.

Antes de nada, pido perdón por tódolos erros que puiden cometer e cousas que deixei de facer. Tentei ser un presidente aberto á todos, independente das súas ideas políticas, defendendo sempre á nosa especialidade e á nosa asociación, independentemente das cores de quen gobernara.

Tentei pasar desapercibido entre todos vós, aínda que moitos que me coñecedes diredes que é difícil, pero alomenos tentei que a miña persoa non fora o máis importante da sociedade, se non o vehículo para que a sociedade desempeñara a súa labor.

Comezamos con moitos medos, despois das Xornadas número "13" en Vigo, as cales tiveron a honra de organizar, cando a crise comezaba a asomar pola fiestra, facendo mil contas para non chegar a estes días cos números en vermello. E lográmoslo, non por elo diminuímos as nosas inversións nas actividades da sociedade, na revista, na páxina web, na comunicación cos socios...

Aumentamos as nosas contas e aumentamos o noso valor científico, pasando de 18 a 26 grupos de traballo na actualidade, con gran participación científica pola maioría deles, e a participación moi activa dos xovenes médicos e dos médicos residentes.

Cadernos, xa era un referente, pero converteuse, na man de Moncho Veras, nunha lectura indispensable para todo médico de familia da nosa comunidade.

As novas tecnoloxías van tomando estrutura nesta nova sociedade, gracias á man de Gerardo Palmeiro, que fixo unha remodelaxe impresionante da nosa páxina web.

Pero todo este camiño non sería posible sen toda a Xunta directiva que me acompañou estes anos, e a gran labor da nosa secretaría técnica, Congrega.

Vital, Pere, Gabriel, Marivi, Raquel, M^a José, Angeles, Gerardo, Francisco Javier, son e foron membros desta Xunta Directiva que agora nos imos, e por iso creo necesario nomealos polo gran traballo que fixeron.

Pero a sociedade non se esgota, moitos dos membros da actual xunta presentaránse na próxima Asamblea extraordinaria do 25 de novembro, para continuar esta labor que fai uns anos comezamos, con rigor, traballo e independencia, sempre ó servizo do socio e da sociedade: Suso, Andrés, Fernando, Gelo, Gabriel, Fátima, Vanessa, Diego e Portal, son á mellor continuidade para levar a cabo o noso Plan Estratégico 2011-2014 que traballamos e plantexamos para ter a sociedade que queremos.

Por todo isto, gracias todos pola vosa confianza nestes anos.



Jaime González Rey
Presidente da AGAMFEC